

ACORDO DO XERENTE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLO QUE SE APROBA O PLAN DE CONTRATACIÓN PÚBLICA PARA 2024

A aprobación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, supón a incorporación ao noso ordenamento xurídico de novas disposicións comunitarias en materia de contratación pública.

O apartado cuarto do artigo 28 da LCSP, establece que *“As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que polo menos recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regulación harmonizada”*, incidindo con iso na necesidade de comunicar ao mercado as previsións das administracións públicas respecto á súa programación contractual, en aras a potenciar a transparencia e impulsar a concorrència nas súas futuras licitacións.

En cumprimento do previsto na LCSP Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) elaborou o seu Plan anual de contratación para o ano 2024 para cumprir co principio de predictibilidade a través do cal se pretende garantir que todos os cidadáns, e en particular os potenciais licitadores, teñan coñecemento da programación da actividade contractual. Este plan contribuirá a unha maior transparencia, racionalización e eficiencia no gasto.

O Plan de Contratación da USC para o ano 2024 recolle a información relativa aos contratos e acordos marco de obras, servizos, subministracións e de concesións de servizos. Ademais dos contratos suxeitos a regulación harmonizada, incorporáronse o resto dos contratos identificados polos servizos xestores, cuxo anuncio de licitación ou anuncio previo de licitación esta previsto publicar ata o 31 de decembro de 2022, independentemente de que a execución da actividade da contratación pública se vaia a desenvolver no exercicio orzamentario 2024 ou nun período plurianual.

Os datos incluídos no citado Plan teñen carácter estimativo e non vinculante, e serán obxecto de publicación no perfil de contratante da USC. Publicaranse no Diario Oficial da

Unión Europea os anuncios de licitación daqueles contratos que quedarán suxeitos a regulación harmonizada

O Plan de Contratación da USC para o ano 2024 contempla un total de 52 contratos e importe estimado de 69.835.549,12 €.

En virtude do anterior, o Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

ACORDA:

Aprobar o Plan Anual de Contratación da Universidade de Santiago de Compostela que figura como anexo ao presente acordo.

Santiago de Compostela, data de sinatura electrónica

Por delegación (Resolución reitoral do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

O XERENTE

Javier Ferreira Fernández

| Planificación da contratación da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2024 | | | | | |
|---|------------|---|--------------------|-------------------------|----------------------------|
| Tipo de Contrato | Referencia | Obxecto do contrato | CPV | Unidade funcional | Valor Estimado do contrato |
| Obras | 2024-01 | Obra de construción do novo centro de Ciencias da Saúde. Fase I | 45200000 | Área de Infraestruturas | 24.478.300,00 |
| Obras | 2024-02 | Obra de reforma integral da sede da Facultade de Medicina e Odontoloxía. Fase I | 45200000 | Área de Infraestruturas | 11.519.200,00 |
| Obras | 2024-03 | Obra de rehabilitación do Observatorio Astronómico Ramón María Aller | 45200000 | Área de Infraestruturas | 1.116.141,39 |
| Obras | 2024-04 | Obra de reforma integral do edificio do Chalés dos Catedráticos para un centro de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades. Fase I | 45200000 | Área de Infraestruturas | 952.000,00 |
| Obras | 2024-05 | Obra de construción dunha central de biomasa e rede de calor do Campus de Lugo | 45200000; 44600000 | Área de Infraestruturas | 5.103.357,37 |
| Servizos | 2024-06 | Contrato de servizos para a xestión enerxética e mantemento integral das instalacións dos edificios da Universidade de Santiago de Compostela | 50700000 | Área de Infraestruturas | 10.372.340,36 |
| Servizos | 2024-07 | Sevizo de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde para a construción do novo centro de Ciencias da Saúde. Fase I | 71200000 | Área de Infraestruturas | 452.540,00 |
| Servizos | 2024-08 | Servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para a reforma integral da sede da Facultade de Medicina e Odontoloxía. Fase I | 71200000 | Área de Infraestruturas | 503.360,00 |
| Servizos | 2024-09 | Concurso de ideas para a redacción do proxecto de ampliación da Facultade de Ciencias da Educación no campus sur | 71200000 | Área de Infraestruturas | 50.000,00 |
| Servizos | 2024-10 | Servizo de revisión do plan especial PE-8 do campus de Santiago do PXOM de Santiago de Compostela | 71200000 | Área de Infraestruturas | 200.000,00 |
| Servizos | 2024-11 | Servizo de retirada, transporte e tratamento de residuos perigosos, eléctricos e electrónicos, mobiliario e enseres | 90520000 | Área de Infraestruturas | 750.000,00 |
| Servizos | 2024-12 | Servizos de consultoría estratéxica y de negocio hacia la constitución de una empresa <i>spinoff</i> que comercialice los resultados del proyecto <i>TraffikGene-Tx</i> | 73000000 | Área de Investigación | 130.000,00 |
| Servizos | 2024-13 | Contratación do servizo de plan anual de mantemento dos microscopios electrónicos fabricados por JEOL da USC | 50430000 | Área de Investigación | 58.000,00 |
| Servizos | 2024-14 | Contratación do servizo de mantemento das cabezas de compresión para o licuado de helio dos magnetómetros da USC | 50430000 | Área de Investigación | 35.000,00 |
| Servizos | 2024-15 | Mantemento de cableado | 50332000 | Área TIC | 320.000,00 |
| Servizos | 2024-16 | Sevizo de Centro de Atención a Usuarios da USC | 72000000 | Área TIC | 1.400.000,00 |
| Servizos | 2024-17 | Mantemento da rede de datos | 72315000 | Área TIC | 1.200.000,00 |
| Servizos | 2024-18 | Mantemento da aplicación do Servizo Universitario de Residencias | 72500000 | Área TIC | 240.000,00 |
| Servizos | 2024-19 | Mantemento da aplicación UXXI PFNR | 72500000 | Área TIC | 44.000,00 |
| Servizos | 2024-20 | Mantemento de servizos asociados á TUI | 72500000 | Área TIC | 50.000,00 |
| Servizos | 2024-21 | Mantemento evolutivo aplicacións corporativas | 72500000 | Área TIC | 720.000,00 |
| Servizos | 2024-22 | Subministración e mantemento de Equipos de impresión | 30232100 | Xerencia | 300.000,00 |
| Servizos | 2024-23 | Servizo de oficina de Proxecto, xeración, tratamento e produción de contidos e recursos dixitais | 48900000 | Xerencia | 280.000,00 |
| Servizos | 2024-24 | Servizo de elaboración de App para aprendizaxe de galego | 48900000 | Xerencia | 60.000,00 |
| Servizos | 2024-25 | Servizo de mantemento do equipamento de investigación da USC | 50400000 | Xerencia | 1.140.000,00 |
| Servizos | 2024-26 | Servizo de xardinería para o campus de Lugo | 50800000 | Xerencia | 336.000,00 |
| Servizos | 2024-27 | Contratación de póliza de Accidentes e asistencia en viaxe para alumnado da USC | 66512000 | Xerencia | 672.000,00 |
| Servizos | 2024-28 | Contratación de póliza de seguro de asistencia en viaxe e enfermidade para o alumnado do Máster Erasmus Mundus en Lexicografía | 66512000 | Xerencia | 45.000,00 |
| Servizos | 2024-29 | Servizo de realización de probas analíticas aos traballadores da Universidade de Santiago de Compostela | 71900000 | Xerencia | 60.000,00 |

Planificación da contratación da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2024

| Tipo de Contrato | Referencia | Obxecto do contrato | CPV | Unidade funcional | Valor Estimado do contrato |
|------------------|------------|--|----------|-------------------------|----------------------------|
| Servizos | 2024-30 | Servicio de asesoramiento y oficina técnica de apoyo a la implantación del expediente electrónico de personal | 79000000 | Xerencia | 34.000,00 |
| Servizos | 2024-31 | Servizo de asesoramento legal á USC | 79000000 | Xerencia | 150.000,00 |
| Servizos | 2024-32 | Servizo para o asesoramento fiscal á USC | 79200000 | Xerencia | 75.000,00 |
| Servizos | 2024-33 | Servizo de auditorías de proxectos de investigación | 79210000 | Xerencia | 500.000,00 |
| Servizos | 2024-34 | Servizo de auditoría das contas da USC | 79210000 | Xerencia | 200.000,00 |
| Servizos | 2024-35 | Servizo de seguridade e vixilancia das instalacións da USC | 79710000 | Xerencia | 4.653.000,00 |
| Servizos | 2024-36 | Servizos de desratización e desinsectación | 90922000 | Xerencia | 30.000,00 |
| Servizos | 2024-37 | Servizo de xestión, incluíndo traslado, das doazóns de corpos para o seu estudo científico. | 98370000 | Xerencia | 30.000,00 |
| Subministración | 2024-38 | Subministración para a actualización da iluminación dos platós 1 e 2 da Facultade de Ciencias da Comunicación | 32320000 | Área de Infraestruturas | 72.600,00 |
| Subministración | 2024-39 | Subministración e instalación de estanterías para libros e revistas da biblioteca da Facultade de Filoloxía | 39151100 | Área de Infraestruturas | 54.450,00 |
| Subministración | 2024-40 | Subministración dun analizador elemental de macromostras para o Campus Terra de Lugo | 38400000 | Área de Investigación | 120.000,00 |
| Subministración | 2024-41 | Subministración dunha fonte de ionización de tipo DART para os espectrómetros de masas Bruker da USC | 38400000 | Área de Investigación | 45.000,00 |
| Subministración | 2024-42 | Subministración dun microscopio confocal Raman para a Unidade de Espectroscopía IR-Raman da USC | 38510000 | Área de Investigación | 150.000,00 |
| Subministración | 2024-43 | Subministración dunha fonte de alimentación para o magnetómetro PPMS | 38900000 | Área de Investigación | 16.360,00 |
| Subministración | 2024-44 | Subministración dunha microfente de raios X con ánodo de prata para instalar nun difractor de raios X da USC | 38970000 | Área de Investigación | 158.900,00 |
| Subministración | 2024-45 | Subministración dun detector de raios X de alta sensibilidade e amplo rango dinámico para a caracterización de sistemas mediante dispersión de raios X (SAXS e WAXS) e instalación no equipo SAXSpoint 5.0 da Área de Infraestruturas de Investigación | 38341000 | Área de Investigación | 150.000,00 |
| Subministración | 2024-46 | Subministro de equipamento microinformático | 30200000 | Área TIC | 60.000,00 |
| Subministración | 2024-47 | Subministro dun sistema de backup | 48000000 | Área TIC | 200.000,00 |
| Subministración | 2024-48 | Subministro de servidores de virtualización | 48000000 | Área TIC | 120.000,00 |
| Subministración | 2024-49 | Licenzas Oracle | 48900000 | Área TIC | 40.000,00 |
| Subministración | 2024-50 | Licenzas Adobe | 48900000 | Área TIC | 29.000,00 |
| Subministración | 2024-51 | Subministración de vestiario para o persoal laboral | 18100000 | Xerencia | 60.000,00 |
| Subministración | 2024-52 | Suministro de Implantas dentales, instrumental e aditamentos asociados | 33000000 | Xerencia | 300.000,00 |

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/csv/0110-BF6A-4CF2-8D41>

Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page

CSV: 0110-BF6A-4CF2-8D41

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20/02/2024 09:25:12.

CSV: 0110-BF6A-4CF2-8D41